



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO CORRECCION DE ERROS

Por Resolución da alcaldía núm. 719/2020 de 25 de xuño, adoptouse o seguinte acordo.

“Advertido un erro no punto 8 das bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a xornada completa de seis socorristas en base á subvención concedida para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e a elaboración dunha bolsa de traballo en réxime de contratación laboral temporal a tempo completo financiado pola Xunta de Galicia dentro do programa TR351A, aprobadas por Resolución da alcaldía Alcaldía núm. 703/2020 de 23 de xuño,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Corrixir o erro material advertido na Resolución da alcaldía núm. 703/2020, de xeito que onde di:

“A. Fase de oposición, ata un máximo de 10 puntos

a) Primeiro exercicio, ata un máximo de 10 puntos

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 10 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 1 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,20 puntos. As preguntas non contestadas non restan puntos.”

Debe dicir:

“A. Fase de oposición, ata un máximo de 10 puntos

b) Primeiro exercicio, ata un máximo de 10 puntos

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 1 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,20 puntos. As preguntas non contestadas non restan puntos.”

SEGUNDO. Publicar o presente acordo aos efectos oportunos”

Muros, na data da sinatura dixital

A Alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero